



PROGRAMA DE INTERNADO EN CLÍNICA VETERINARIA ABRIL 2020/21 - FORMACIÓN DE POSTGRAO -

1.- OBXECTIVO

O Internado en Clínica de veterinaria do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) da Universidade de Santiago de Compostela está dirixido a mozos/as **Graduados/as en Veterinaria** e o seu obxectivo é a adquisición dunha base sólida de coñecementos teóricos e prácticos en clínica veterinaria a través da súa estancia no hospital docente.

O programa de internado esta deseñado para preparar os/as candidatos/as para o seu posterior acceso a programas de residencia (programas de especialización que cumpran cos requisitos dos seus correspondentes Colexios) naqueles centros que oferten estes programas, así como proporcionar unha formación e experiencia avanzada para afrontar o exercicio profesional, por este motivo ten dúas especialidades: pequenos animais e grandes animais.

2.- NÚMERO DE PRAZAS

O número de prazas na especialidade de pequenos animais é de seis (6).

O número de prazas na especialidade de grandes animais é de dúas (2).

3.- PRAZO DE SOLICITUDE

O estipulado no calendario do proceso de selección descrito nesta convocatoria.

4.- DURACIÓN

A duración do programa será de 12 meses:

Do 1 de abril de 2020 ao 31 de marzo de 2021.



5.- SERVIZOS DE ROTACIÓN

Durante o período de internado os/as alumnos/as rotarán polos seguintes servizos do HVU-RC, dependendo da especialidade escollida:

Pequenos animais	Grandes animais
– Medicina interna – Cirurxía e anestesia. – Diagnóstico por imaxe. – Hospitalización e urxencias. – Servizo de Asistencia a Protectoras de Animais. – Análises clínicos.	– Servizo Ambulatorio-Hospitalario de Animais de Renda. – Servizo Ambulatorio-Hospitalario de Équidos. – Hospitalización e urxencias. – Servizos Hospitalarios Xenerais: admisión, medicina interna, cirurxía e anestesia, DPI, análises clínicos e farmacia.

6.- REQUISITOS

Para solicitar a praza será necesario acreditar:

- Non superar a idade de 29 anos no momento de formalización da bolsa.
- A condición de Graduado/a en Veterinaria ou titulación equivalente homologada en España, no caso de titulacións obtidas no estranxeiro.
- O título de Graduado/a non pode ter unha antigüidade superior a dous anos na data de inicio do programa. A data de referencia será a que apareza no mencionado título.
- Ter a condición de colexiado/a ou posuír unha titulación que permita colexiarse no Colexio Oficial de Veterinarios.
- Estar en disposición de cumprir cos requisitos propios do programa.
- Non estar a realizar ningunha outra actividade formativa de posgrao, como Máster ou Cursos de Especialización, no período de internado.
- Para o internado de Grandes Animais: Estar en posesión do permiso de condución B.
- Non poderán solicitar esta bolsa aqueles/as candidatos/as que fosen adxudicatarios en anteriores programas formativos de internado de pequenos e/ou grandes animais de calquera hospital universitario que teña recoñecida esta actividade formativa.



7.- DOCUMENTACIÓN

A documentación será enviada en formato dixital como arquivos JPG, GIF, PNG ou PDF.

- Cubrir todos os datos obrigatorios na solicitude on-line.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Fotocopia do carné de conducir (só Internado de Grandes Animais)
- Expediente académico (para os candidatos de nacionalidade española, o expediente ten que estar baremado segundo o establecido no Real Decreto 1125/2003).
- Fotocopia do resgardo do título de Graduado/a en Veterinaria ou comprobante da homologación do mesmo.
- *Curriculum Vitae* profesional onde se especificarán, cos seus respectivos documentos acreditativos perfectamente numerados, as titulacións, publicacións, cursos realizados e experiencia clínica práctica.
- Fotografía recente.

8.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A presentación de solicitudes farase de modo *on-line*, a través da ligazón publicada na páxina web da Fundación Rof Codina www.rofcodina.org.

A recepción da documentación solicitada deberá estar rexistrada antes de finalizar o prazo de recepción de solicitudes descrito nesta convocatoria. A documentación recibida despois de finalizar dito prazo non será admitida. En ningún caso serán admitidas aquelas solicitudes que fosen presentadas por algún medio distinto ao indicado neste apartado ou fóra de prazo de presentación.

9.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS SOLICITUDES

A selección será realizada por un Tribunal presidido polo Director Xerente da Fundación Rof Codina e formado polo director veterinario, os/as xefes de servizo e un representante das institucións públicas e/ou privadas que soportan o programa formativo.

O tribunal poderá declarar desertas as prazas que considere cando non haxa aspirantes que reúnan os méritos suficientes.

Na valoración dos méritos presentados polos aspirantes terase en conta o seguinte:

- Puntuación do expediente académico.
- Número e cualificacións das materias clínicas.
- *Curriculum Vitae* de prácticas e/ou profesional.



10.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DAS SOLICITUDES

Primeira Fase

Selección de candidatos/as segundo os criterios establecidos:

- Expediente académico: 60% da nota global.
- *Curriculum Vitae*: 35% da nota global.
- Outros méritos: 5% da nota global.

Segunda Fase

Os/as candidatos/as seleccionados/as polo Tribunal na Primeira Fase terán que superar unha proba realizada polo persoal do Hospital que consistirá na resolución de casos clínicos e unha entrevista persoal.

11.- ADMISIÓN DE CANDIDATOS/AS

A relación de aspirantes admitidos/as e excluídos/as publicarase segundo o establecido no calendario do proceso de selección, na páxina web www.rofcodina.org.

Os/As aspirantes excluídos disporán de un prazo de 48 horas para emendar as deficiencias atopadas na súa documentación. Finalizado este prazo o tribunal será convocado e publicará os resultados da primeira fase e a convocatoria da segunda fase. Finalmente o tribunal publicará a proposta de resolución da cobertura das prazas.

12.- LISTA DE ESPERA

O Tribunal poderá establecer unha lista de suplentes ordenados/as pola súa puntuación de méritos, que se fará pública coa proposta de resolución. Poderán ser chamados os/as candidatos/as que formen parte de dita lista en caso de ser necesario cubrir algunha renuncia, ou ben por autorización de a Xerencia ante calquera eventualidade e/ou necesidade de servizo.

A lista de suplentes perderá a súa vixencia coa resolución dunha nova convocatoria do programa de internado.

13.- BOLSAS

A Fundación Rof Codina concederá bolsas a todos/as os/as adxudicatarios/as das prazas ofertadas.



A contía de a bolsa por alumno/a será de 500,00 € brutos mensuais.

Os/as alumnos/as beneficiarios/as das bolsas non poderán recibir durante o período bolseiro outras axudas, nin realizar calquera outro tipo de actividade remunerada.

A concesión destas bolsas non implica ningunha vinculación laboral ou doutra clase entre as persoas seleccionadas e a Fundación Rof Codina, aínda que dará lugar á súa inclusión no Convenio Especial da Seguridade Social establecido en o Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

14.- FORMALIZACIÓN

Estenderase credencial de bolseiro/a a favor dos/as candidatos/as seleccionados/as, quen asinarán o compromiso de aceptar e cumprir as actividades formativas e o horario que se estableza. A non formalización da bolsa por parte do/a interesado/a, no prazo que se estipule ao efecto, entenderase como renuncia á mesma.

15.- RENUNCIAS

As renuncias faranse por escrito alegando os motivos da mesma e dirixiranse á Dirección Xerencia da Fundación Rof Codina.

16.- DEVOLUCIÓN DA BOLSA

A Fundación Rof Codina poderá solicitar a devolución, total ou parcial da bolsa, previo estudo e aprobación da Dirección Xerencia, cando os/as candidatos/as seleccionados/as incorran nalgún dos seguintes supostos:

- Renuncia ou abandono durante o programa.
- Ocultación ou falseamento de datos na solicitude.
- Incompatibilidade con outras axudas.
- Incumprimento dalgún dos requisitos esixidos.
- Suspensión da bolsa polas causas enunciadas no seguinte punto.

17.- AVALIACIÓN DO CURSO

Cada alumno/a será avaliado/a en tres ocasións durante a realización do curso polos/as responsables dos diferentes servizos polos que roten.



O HVU-RC establecerá un control de asistencia diario.

Será motivo de suspensión da presente bolsa:

- Non cumprimento, de forma reiterada, das normas de cada servizo hospitalario.
- Non cumprimento, de forma reiterada, das obrigas marcadas no seguinte punto.
- Máis de 3 faltas inxustificadas.
- Outras causas graves que afecten á asistencia, docencia ou actividade formativa do grupo.

18.- OBRIGAS

Os/as candidatos/as seleccionados/as terán que dedicarse de forma exclusiva ao seguimento do programa e quedarán suxeitos as obrigas seguintes:

- Aceptar e cumprir o Regulamento de Réxime Interno do HVU-RC.
- Aceptar e cumprir as instrucións recibidas por parte da Dirección Veterinaria e Xefaturas de Servizo.
- Aceptar a normativa da Lei de Protección de Datos de carácter persoal.
- Participar no diagnóstico, tratamento e coidado dos pacientes baixo a supervisión dos membros estables do servizo clínico.
- Levar a cabo unha comunicación adecuada co/a cliente e cos/as veterinarios/as referentes.
- Participar na instrución e supervisión de estudantes.
- Manter de forma oportuna e coidadosa o expediente médico do paciente.
- Manter en orde as instalacións despois de cada actuación dando exemplo aos/ás estudantes e evitando fomentar a desorde.
- Aceptar e cumprir as quendas do Servizo de Atención Continuada (SAC). Este servizo incluírá a cobertura primaria de casos durante a tarde, noites, fins de semana e festivos co/a veterinario/a do SAC e o respaldo de profesores/as e facultativos/as.
- Asistir regularmente ás actividades formativas programadas.
- Respetar o segredo profesional: non está permitido dar calquera tipo de información sobre un paciente a un/ha veterinario/a ou calquera outra persoa allea ao caso, incluídos os/as estudantes que non se atopan en rotación.
- Pertencer a un Colexio Oficial de Veterinarios.
- Apoio aos servizos hospitalarios cando as circunstancias o requiran.

O incumprimento dalgunha das obrigacións dará lugar a perda da condición de alumno/a interno/a así como da súa correspondente bolsa.

Se durante a realización do curso se produce algunha vacante, o HVU-RC poderá designar un/ha novo/a candidato/a que ficase na lista de suplentes, para que se incorpore ao internado polo tempo restante até o remate deste.



19.- HORARIOS

Os/as internos/as deben axustarse a todas as actividades docentes-asistenciais do HVU-RC. Aínda que existen uns horarios establecidos, estes poden variar considerablemente pois dependen do ingreso de novos pacientes e da evolución dos mesmos. É importante sinalar que a dedicación do/a interno/a ao hospital durante estes 12 meses é total.

Pequenos animais
– Horario: de 08:30 a 15:30 presencial de luns a venres. – Quendas no SAC. Este servizo inclúe a cobertura primaria de casos durante a tarde, noite, fins de semana e festivos co veterinario do SAC e o respaldo de profesores e facultativos. – Horario de 08:30 a 13:00 e de 15:00 a 20:30 en caso de garda semanal con presenza de luns a venres. Nesta quenda o horario dos internos solápanse co dos/as veterinarios/as do SAC (incorpóranse a as 19:30 h.) posto que deben pasar toda a información á persoa que comeza a quenda. – Gardas rotativas de fin de semana e festivos (duran 24 horas) e que se repartirán de forma equitativa entre todos/as os/as internos/as de acordo co calendario fixado pola dirección do centro. – Por cada garda de fin de semana o/a interno/a terá dereito a un día libre, que de acordo coas necesidades dos servizos nos que se atope en rotación, deberá ser gozado preferentemente no día previo ou posterior á mesma. O non goce do día libre, salvo petición e xustificación expresa da xefatura de servizo correspondente, supón a perda de dereito ao mesmo.
Grandes animais
– Horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00, presencial de luns a venres. – Gardas semanais baixo a tutela dos/as facultativos/as do servizo. – Por cada garda semanal o/a interno/a terá dereito a un día libre, que de acordo coas necesidades do servizo, deberá ser gozado preferentemente en o día previo ou posterior a mesma. O non goce do día libre, salvo petición e xustificación expresa do/a Facultativo/a Responsable, supón a perda de dereito ao mesmo.

20.- VACACIÓNS

Os internos dispoñen de dúas semanas de vacacións que se repartirán da seguinte forma:

- Unha semana no período do Nadal, que son asignadas en dúas quendas.
- Unha semana en período estival.



21.- LICENZAS

Os/as internos/as terán dereito, previa solicitude (petición á Dirección Xerencia co visto e prace da Xefatura de Servizo no que se atope rotando e da Dirección Veterinaria) e posterior xustificación, ao goce dos permisos que a continuación se indican:

- Para a asistencia a congresos ou cursos fóra do ámbito hospitalario: 5 días hábiles.
- Para a realización dun exame por parte daqueles que realicen estudos para a obtención dun título oficial: o tempo indispensable, debendo xustificarse con un certificado oficial.
- Por o tempo indispensable para a asistencia ao médico, presentando e xustificando cita e asistencia.
- Por o tempo imprescindible para a solución de asuntos ou tramitacións que teñan relación directa co desenvolvemento habitual da súa actividade formativa.
- Por matrimonio de pais ou irmáns: un día natural que coincidirá co do evento e outros dous por cuestións de desprazamento.
- Por morte ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro ou segundo grao por consanguinidade ou afinidade: 3 días hábiles.

En Lugo a 12 de febreiro de 2020

Asdo.: Luis Felipe De la Cruz Palomino
Director Xerente da Fundación Pública Galega Rof Codina

- **13/02/2020 09:00 h.** Apertura do período de admisión de solicitudes.
- **05/03/2020 14:00 h.** Fin do período de admisión de solicitudes. – **17:00 h.** Publicación provisional de admitidos/as e excluídos/as.
- **10/03/2020 14:00 h.** Publicación definitiva de admitidos/as e excluídos/as.
- **11/03/2020 14:00 h.** Publicación de resultados da primeira fase de selección.
- **17/03/2020 09:00 h.** Segunda fase de selección (exame e entrevista persoal).
- **23/03/2020 14:00 h.** Publicación provisional de seleccionados/as.
- **26/03/2020 14:00 h.** Publicación definitiva de seleccionados/as.
- **31/03/2020.** Reunión preparatoria do período de internado.
- **01/04/2020.** Inicio do período de internado.

[illegible]